

Nome:

Apelidos:

Grupo:

Data:

1. Busca en YouTube as palabras clave Revolución Rusa e visualiza o documental que aparece co título *Lenin, Vladimir Ilich* emitido por La 2 de TVE que narra a bibliografía de Lenin e responde ás seguintes cuestións. Apóiate nos apuntes do libro. A maioría das preguntas están relacionadas co documental, pero hai algunha de repaso.
  - a) A familia de Lenin, cerebro da Revolución Rusa, a que clase pertencía?
  - b) Por qué é a clase media a que ten o poder para impulsar os cambios na sociedade? Reflexiona sobre elo.
  - c) O pai de Lenin, que clase de home era? Coñecía o zar?
  - d) En que valores foi educado Lenin e os seus irmáns?
  - e) Por que o irmán de Lenin quixo matar ao zar Alexandre III? Se non o sabes, teoriza.
  - f) Que acontecemento na súa vida marcou que Lenin se sumase ao movemento clandestino revolucionario?
  - g) Como era a situación dos traballadores en Rusia?
  - h) De que filósofo levaría Lenin as súas ideas á práctica? Para que?
  - i) Lenin foi capturado e acusado de sedición. A onde o mandaron coa súa muller e fillos?
  - j) En que condicións vivía Lenin en Siberia?
  - k) Despois de estar exiliado, por onde estivo viaxando Lenin?
  - l) Que se adicaba a facer Lenin por Europa adiante?
  - m) Lenin abandonou a Deus por Marx. Que quere dicir iso?
  - n) Con quen se ensañou Lenin para atemorizar aos disidentes?
  - o) Que foi a Nova política económica (NEP) de Lenin e a que necesidade respondía? Por que non lle gustou aos altos cargos bolcheviques?
  - p) Que diferencias existen entre un goberno liberal e un *soviet*?
  - q) Diferencia entre mencheviques e bolcheviques. Quen gaña ao final? Ata cando estarán os bolcheviques no poder en Rusia?
  - r) Que foi o *Terror Vermello*?
  - s) Cal foi o destino final da familia zarista e o de Lenin?
  - t) Cres que o documental é obxectivo ou subxectivo?
  
2. Despois de producirse a Revolución en 1917, empeza unha guerra entre mencheviques e bolcheviques que remata en 1922 coa victoria dos bolcheviques. Empeza aquí unha etapa de goberno comunista que se extenderá ata 1989, momento da chamada Caída do Muro de Berlín. Visualiza en You Tube o documental *Stalin y la URSS, el imperio de la muerte*, emitido

## Actividades Revolución Rusa – 1º Bach HMC

por La 2 de TVE. Responde: en que se diferencia unha dictadura comunista dun estado liberal? Que tipo de gobernante era Stalin? Fai unha descripción completa de como era a personalidade do dictador, mencionando algún dos crimes que viches no documental.

3. Quen foi Limonov, un dos personaxes que opinan sobre Lenin no primeiro documental que vístedes? Por que foi coñecido? Averigua que escritor francés escribiu un libro sobre el.